CONSENTIMENTO PARA O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS CIM SERVIZOS DO PROGRAMA "OUTES CONCILIA"

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos

NIF/NIE

Data de nacemento

Situación laboral

☐ Inactiva[1] ☐ Empregada ☐ Desempregada

Enderezo

Teléfono de contacto

Correo electrónico

PROGRAMA OBXECTO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CORRESPONSABLES SI436A. FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E POLO MINISTERIO DE IGUALDADE

FAMILIAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA "OUTES CONCILIA".

Apartados de obrigado cumprimento.

Número de membros a unidade familiar

Renda anual da unidade familiar €

☐ Familias cun/cunha proxenitor/a único: ☐ Proxenitora/Monomarental ☐ Proxenitor/Monoparental

☐ Familia numerosa

☐ Familia solicitante de asilo

☐ Familia refuxiada

☐ Familias con outras responsabilidades de coidado

☐ Familias con persoas con discapacidade

☐ Familias en risco de exclusión

☐ Mulleres en situación de desemprego

☐ Mulleres maiores de 45 anos

☐ Vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencias machistas

1 A poboación economicamente inactiva inclúe a todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas nin paradas.

O CIM do Concello de Outes, en cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmao/a de que, no caso de prestar expresamente o seu consentimento mediante a sinatura da presente autorización, calquera dato recabado por este medio, que Vd. proporcione, será incorporado a un rexistro de actividades de tratamento de datos, cuxo responsable é o citado concello.

1. O tratamento dos datos persoais da persoa usuaria realízase coa finalidade de dar unha axeitada satisfacción ás funcións propias do CIM, así como para subministrar información ao órgano superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de igualdade para cumprir as obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria de funcionamento anual", e para facilitar, con carácter xeral, a comprobación do axeitado funcionamento dos CIMs, así como para fins estatísticos e de control das auditorías que se puideran facer sobre estes, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

2. Os datos poden ser obxecto de comunicación a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cos fins lexítimos do CIM.

3. O consentimento expreso para a comunicación dos datos de carácter persoal a terceiros será nulo cando sexa descoñecida a finalidade á que sexan destinados ou o tipo de actividade desenvolvida por aquela persoa ou entidade á que se lle pretendan comunicar.

4. A persoa usuaria poderá manifestar a conveniencia de solicitar os datos persoais de persoas do seu contorno (familiar, laboral, amizade, prestacional) co fin de que se demande autorización pertinente das ditas persoas para o tratamento dos seus datos.

5. Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para as finalidades do seu tratamento e, en todo caso, durante os prazos previstos pola lexislación vixente, atendendo ao requirido pola normativa aplicable respecto á retirada do consentimento, á supresión dos datos polas persoas interesadas ou ao exercicio doutros dereitos.

6. No tratamento dos datos aplicarase a normativa de protección de datos e as políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

7. A persoa usuaria poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos persoais, así como limitar e opoñerse ao seu tratamento, portar os datos e retirar o seu consentimento, formulando unha solicitude:

- En liña, no enderezo de correo electrónico cim@outes.gal
- Presencial nas dependencias do Concello de Outes

8. Sen prexuízo de calquera outro recurso, a persoa usuaria tamén terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (Axencia Española de Protección de Datos).

En _____, _____ de _____ de _____

Asinado: _____